

Proceso de admisión e matrícula en Formación Profesional Básica

Curso 2023-2024

Información na web: <http://www.edu.xunta.gal/fp/fpbasica>

Solicitude de admisión e matrícula: [Anexo I](#) Dispoñible na páxina web arriba indicada e na secretaría do centro. Os datos deste anexo serán cargados na aplicación polo persoal da secretaría do instituto e imprimirase un resgado que deberá ser asinado polo solicitante e polo pai/nai/representante legal no caso de alumnado menor de idade.

Calendario do proceso:

Presentación de solicitudes	26 de xuño ás 9:00 horas ao 6 de xullo ás 13.00 horas
Publicación da listaxe provisional de solicitudes	10 de xullo
Reclamación á listaxe provisional de solicitudes	Do 10 ás 9:00 horas ata as 13:00 horas do 12 de xullo
Publicación da listaxe definitiva de solicitudes	24 de xullo
Publicación da adxudicación de prazas	24 de xullo (*)
Matriculación das persoas con praza adxudicada	Desde o 24 de xullo

Publicación das listaxes: Poderán consultarse na páxina web:<http://www.edu.xunta.gal/fp> ou ben no centro educativo. Estas listaxes terán efectos de comunicación para as persoas participantes.

No proceso de admisión á FPB nas listaxes que se publican o DNI/NIE e o nome e apelidos do solicitante será substituído por un código persoal de consulta (CPC). Deste xeito as listaxes darán toda a información necesaria para o seguimento do proceso de admisión garantindo a confidencialidade das persoas participantes. O CPC figura no resgado que se lle entrega ao interesado na secretaría do instituto ao facer a solicitude.

Reclamación á listaxe provisional: Presentaranse ante a dirección do centro educativo nos prazos indicados na táboa.

(*) Logo de publicada a listaxe do alumnado admitido, os centros de destino comunicaranse con este alumnado, especialmente o alumnado EO, para realizar as correspondentes matrículas.

Nos seguintes enlaces indícase información específica segundo as **diferentes situacións**:

(EO – alumnado en idade de Escolarización Obrigatoria: ten 16 anos ou os cumpre no 2023)

(ENO – alumnado en idade de Escolarización Non Obrigatoria: xa cumpriu 17 anos ou os cumpre no 2023)

- Alumnado EO que inicia FPB
- Alumnado ENO que inicia FPB
- Alumnado en EO que vai repetir 1º FPB
- Alumnado en ENO que vai repetir 1º FPB
- Alumnado que promociona a 2º ou que vai a repetir 2º FPB